

A POBOACIÓN DE GAIVOTA REDÚCESE NUN 70% NA ÚLTIMA DECADA

A poboación desta ave, tan común nas nosas costas (e con tan mala fama) está padecendo un declive poboacional nos últimos anos, tanto na Coruña como en toda Galicia.

Segundo os datos obtidos no censo realizado no marco do proxecto Aves Ártabras (ARTABRO2, realizado co apoio da Fundación Biodiversidad do Ministerio para la Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico) amosa que un devalo dun 70% na última década na poboación reprodutora desta especie nas súas colonias naturais, na costa occidental da Coruña.

O resultado do censo foi de 2.674 parellas, das que a inmensa maioría se localiza nas Illas Sisargas, con 2.306. Estes datos confirman o acusado declive poboacional da especie en Galicia nos últimos anos, desde as 13.000 parellas que se contabilizaban nos anos 90. Este descenso tamén se está a producir noutros lugares de Galicia, como no Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia, onde é do 70%, igualmente.

Importancia deste declive

O noso investigador do CEIDA, Sergio Paris, alerta de que “a gaivota ten mala fama nas contornas urbanas, polo que estes datos pódense tomar á lixeira. Mais temos que ter en conta que falamos dunha especie propia de Galicia, e de poboacións naturais presentes en áreas de gran valor natural e con alimentación e hábitos naturais, moi distintos desa imaxe das gaivotas urbanas, que tamén semellan presentar un declive das súas poboacións nos últimos anos”.

Tanto desde o CEIDA como desde o resto de investigadores que traballan no estudo desta especie, descoñecemos a causa concreta deste declive. A desaparición de fontes de alimentación facilitadas polo ser humano, como poden ser a vinculada á eliminación de

vertedoiros, e unha menor dispoñibilidade de alimento en forma de descartes pesqueiros, poden ser responsables dunha parte do devalo detectado.

Tamén acontecen eventos esporádicos de mortandade de gaivotas tanto en Galicia como noutros territorios, *“recentemente foi noticia un evento de mortandade elevada de gaivotas no encoro de Vilagudín, mais nos últimos anos este tipo de sucesos esporádicos repítense entre a poboación de gaivotas. Son afectadas por algún tipo de enfermidade ou síndrome descoñecidos que as paraliza ata chegar a provocar o seu falecemento”*, explica Sergio París.